



ANUNCIO DE REVISIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á PUBLICACIÓN DA ANULACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO PARA A COBERTURA DE 3 PRAZAS VACANTES DE FUNCIONARIO ORDENANZA

Tendo sido publicado o 3 de xullo o Anuncio do Órgano de Selección de revisión do proceso selectivo que se convocou para a cobertura de 3 prazas vacantes de ordenanza, os aspirantes presentaron durante o prazo legal establecido as seguintes reclamacións:

ORDE	N.º REXISTRO	N.º REXISTRO- DATA
1	2026-E-RC-10536	03/07/2026
2	2026-E-RE-6395	3/07/2026
3	2026-E-RC-10576	06/07/2026

A 6 de xullo o órgano de selección reúne e conforme a acta da citada xuntanza acorda por unanimidade:

PRIMEIRO: Dar traslado da documentación solicitada polo/a seguinte aspirante, debidamente anonimizada:

RECLAMANTE/Nº REXISTRO	DOCUMENTACIÓN SOLICITADA
2026-E-RC-10536	Que se lle remita a documentación solicitada en data 18 de maio (registro de entrada 2026-E-RC-7661) así como copia fidedigna do orixinal da acta da xuntanza celebrada o 20 de xuño de 2026

SEGUNDO: no referente á alegación:

RECLAMANTE/Nº REXISTRO	SOLICITA
2026-E-RE-6395	Anulación de la pregunta n.º 8 del segundo examen.



Desestimar a alegación ó considerar que o suposto plantexado fai referencia ó peso físico do envío (Indica expresamente que o mesmo "pesa 25 kg") sen que sexan aportados datos necesarios para o cálculo do peso volumétrico tal e como se indica no recorte facilitado polo/a aspirante que alega. Asimesmo, o paquete azul ten establecido un límite máximo de peso físico inferior ó indicado no suposto, polo que non resulta aplicable.

TERCEIRO: no referente á alegación

RECLAMANTE/Nº REXISTRO	SOLICITA
2026-E-RC-10576	1.-A nulidade do exercicio realizado 2.- Que o exercicio sexa do tipo indicado no anuncio 3.- En caso de manterse o formato tipo test que se publique unha nova convocatoria con prazo suficiente de preparación.

En resposta ó solicitado o Tribunal indica a desestimación total do solicitado en base o seguinte:

1.- Tal e como se recolle no acta reproducido no anuncio alegado e de acordo coa motivación recollida no informe da Secretaría Municipal do Concello de Redondela :

"O artigo 48.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas determina que: "A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do termo ou prazo". E pola súa banda o artigo 48.2 desta mesma norma indícanos que: "o defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados".

É dicir, o feito de que exista un defecto de forma como é non publicar o tipo concreto de exame do segundo exercicio acordado polo tribunal para o coñecemento dos aspirantes, unicamente dará lugar a anulabilidade cando así o ou ben non se puidera alcanzar o fin (suposto no que non nos atopamos) ou ben de lugar a indefensión dos interesados, e polo tanto, non significa necesariamente que o acto ditado sexa anulable salvo como decía cause indefensión.

No resto de casos atopariámonos ante unha irregularidade formal non invalidante que non tería ningunha consecuencia no procedemento.

Neste caso, non se publicou o tipo de exame acordado polo tribunal para o segundo exercicio da oposición incumprindo o establecido nas bases, pero este feito non produce, neste caso concreto ningunha indefensión en ningún dos interesados, máis aló de que existe unha importante irregularidade, xa que todos os aspirantes que se presentaron aprobaron e ademais os que non se



presentaron que é o realmente determinante non recorreron o proceso selectivo Por iso, a meu entender, a non publicación supón unha irregularidade formal non invalidante sen que sexa causa de anulabilidade do proceso selectivo, non afectando a validez do proceso selectivo...

Neste caso, ningún aspirante recorreu nen presentou alegacións a dito anuncio antes da realización do exercicio, senon que se presentaron e todos os que alegaron aprobaron, polo tanto, o resultado foi do 100% de aprobados, de modo que nin sequera se aprecia unha irregularidade formal non invalidante que aquí consistiría nun resultado negativo por algún dos aspirantes derivado dunha relación de causa a efecto, é dicir, da non publicación do tipo de exame que se ía realizar e non superar a proba."

polo tanto:

"PRIMEIRO.- O tribunal anula o acordo adoptado con data de 03.02.2026 no que se recollía o seguinte:

"...Segundo: Aceptar as alegacións presentadas por M.F.G. e S.R.I. e por conseguinte, anular o examen realizado o pasado día 15 de xaneiro de 2026, debido a un erro de forma no anuncio da convocatoria...

Cuarto: Convocar aos aspirantes que pasaron o primeiro exercicio deste proceso selectivo aun segundo exercicio o próximo 11 de febreiro as 09:30 da mañá no Edificio Multiusos da Xunqueira de Redondela.

Dita proba constará nun exercicio práctico tipo test, tal e como estableceu o tribunal cualificador e recóllese no apartado terceiro da súa acta de constitución previa de data 8 de agosto conforme ao establecido no punto cuarto das bases específicas da convocatoria..."

E, polo tanto, deixar sen efecto o anuncio convocatoria do exame de data 11.02.2026.

SEGUNDO.- A devandita convocatoria atopábase suspensa cautelarmente por acordo do tribunal de data 09.02.2026:

"...PRIMEIRO: Acordar a suspensión cautelar da proba prevista o día 11 de febreiro á espera da análise e resolución das alegacións interpostas.

SEGUNDO: Acordar a publicación da devandita suspensión cautelar na páxina web do Concello de Redondela.

TERCEIRO: Dar traslado do acordo ós aspirantes que superaron o primeiro exame mediante notificación..."

Polo tanto e ao mesmo tempo, a vista do exposto, queda levantada a medida de suspensión cautelar acordada por este tribunal, unha vez que queda sen efecto o anuncio para a convocatoria orixe da medida cautelar.



TERCEIRO.- De acordo co manifestado, os resultados obtidos no exame celebrado con data 15.01.2026 considéranse válidos por este tribunal de cara á celebración do seguinte exercicio do proceso selectivo, de acordo coas bases da convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia do martes, 16 de maio de 2023 (nº 93):

"...Terceiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Sobre o coñecemento do galego para aquelas persoas aspirantes que non puidesen acreditar documentalmente que posúen o CELGA 2 ou equivalente.

Consistirá en traducir do castelán para o galego, sen axuda de dicionario en un tempo máximo de trinta (30) minutos, un texto elixido polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio. A tradución será lida pola persoa aspirante diante do órgano de selección ao remate do exercicio. Neste exercicio valorarase a corrección da tradución e a pronuncia da lingua galega.

Tal e como queda recollido na acta de revisión das alegacións presentadas á publicación da nova convocatoria do segundo exercicio e suspensión do mesmo do 23 de marzo de 2026, "no referente ó segundo punto é contrario o acordado na reunión de constitución do 8 de agosto de 2025", na que se recollía:

" -Consistirá nunha proba de carácter práctico sempre e cando o número de aspirantes sexa igual ou menor a 15.

-No caso de que o número sexa maior o exposto, a proba constará dun ou varios supostos prácticos tipo test."

CUARTO: Publicar este acordo na páxina web municipal e no taboleiro de editos do Concello, cos efectos previstos no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas que establece:

"En todo caso, los actos administrativos serán objeto de publicación, surtiendo ésta los efectos de la notificación, en los siguientes casos:

(...)

b) Cuando se trate de actos integrantes de un procedimiento selectivo o de concurrencia

competitiva de cualquier tipo. En este caso, la convocatoria del procedimiento deberá indicar el medio donde se efectuarán las sucesivas publicaciones, careciendo de validez las que se lleven a cabo en lugares distintos."

Segundo o disposto na Base Xeral Décimo primeira (desenvolvemento dos exercicios das probas selectivas), parágrafo 5º, que rexe o devendito proceso selectivo contra os acordos do Tribunal, poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante a Alcaldía



no prazo de un mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación o publicación, segundo o previsto no artigo 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con independencia de calquera outro recurso ou reclamación que no seu caso proceda.

Do que dou fe como secretaria co visto e praxe do presidente.

En Redondela, na data sinalada

Vº e Praxe: O presidente do órgano de selección

A secretaria do órgano de selección.